

PMC/jrf

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN PATRIMONIAL DO ALLEAMENTO DA UVA ALBARIÑA E VARIEDADES BRANCAS DA FINCA DE SOUTOMAIOR 2024

Exp. núm.: 2024047827

A presente Memoria emítese en referencia e complemento ao establecido na Providencia de Inicio do servizo solicitante, de data 05/07/2024 (CSV: MF394HRHOOV7BTER)

1. Servizo solicitante:

Medio Ambiente

2. Necesidade e idoneidade do contrato:

No terreo do castelo de Soutomaior, cunha extensión total aproximada de 23 ha, adscrito ó Servizo de Medio Ambiente sitúase unha explotación vitícola dunhas 4 ha. Esta explotación vitícola de albariño é bastante antiga, do ano 1984, e distribúese unha parte sobre terreos tipo castel e en terrazas, e outra sobre terreos húmicos, fértiles e con cuberta vexetal suficiente. As producións non son moi altas debido a que os patróns utilizados non se axustan á tipoloxía do chan sobre o cal se asentan e con sistemas de condución en cordón simple pouco apropiados. A proximidade da masa arborizada tamén repercute na cantidade da uva xunto con outros factores. Debido a que as cepas son bastante antigas, e a pesar das reposicións e tamén a que cada campaña ten os seus problemas, a súa produción non é homoxénea, sendo a máis importante a acaecida no ano 2013 coa recollida de 23.050 kg entre albariño e variedades.

A campaña do 2023 foi un ano vitícola cunha produción similar en xeral a do ano anterior, recolectáronse o arredor de 17.000 kg. entre uva albariña e outras variedades brancas. A calidade da uva recollida foi excelente, xa que no se produce merma algunha na calidade da mesma pola afección negativa das problemáticas fúnxicas, como son o mildiu ou a podremia. Na finca de Soutomaior dende o principio contábase que o a campaña fose boa xa que houbo unha alta nacemento de acios así como un moi bo chamado dos mesmo o que se corroborou ca uva recollida que foi case idéntica ca do ano anterior. A uva albariña vendimada foi duns 16.775 kg. practicamente a mesma cantidade que a recolectada no ano 2021 cuns 16.800 kg.

Este ano 2024 non vai ser un ano de moita uva, xa que naceron moitos menos racimos e na floración choveu moito o que afectou moi negativamente o chamado dos botóns florais. Como é ben coñecido por todos o prezo da uva albariña oscila ano a ano dependendo de diversos factores, sobre todo da calidade e da cantidade da uva colleitada xunto coa súa demanda por parte do sector da transformación. Este ano a vendima o igual que na campaña pasada volveuse a adiantar dado que as condicións climáticas son bastante favorables ao cultivo da viña, sobre todo as dadas no mes de marzo que propiciaron un adianto da brotación das cepas (desborre). Non é un ano especialmente seco dado a cantidade de choiva acumulada dende principio de ano xunto cun algúns días de calor puntuais, pódese dicir que as temperaturas están a ser bastante suaves para a época do ano na que nos atopamos.



É moi posíbel que a data do inicio da vendima se de na segunda semana de setembro. Aínda que falta algún tempo para o comezo da colleita os tramites administrativos para adxudicación das uvas levan o seu tempo, polo que é preciso empezar en canto se poida cos mesmos. Dado que se pode dar o caso dun adianto da data da vendima prevista, na que se prevé alcanzar aproximadamente sobre 12.000 kg. entre albariño e variedades, temos que ter en conta ca uva albariña é un produto perecedeiro.

As uvas producidas na leira do Castelo de Soutomaior son un ben patrimonial da Deputación de Pontevedra, de carácter perecedeiro non afecto a uso ou servizo público para o que resulta preciso levar a cabo as tarefas de vendima para o que a institución provincial non conta con medios propios axeitados e suficientes.

3. Obxecto do contrato:

Réxime xurídico:	<input checked="" type="checkbox"/> PATRIMONIAL Negocio xurídico excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), segundo o seu artigo 9.	
Tipo:	Alleamento de bens mobles mediante poxa pública.	
Regulación harmonizada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON	
Obxecto e contido:	Adxudicación, mediante poxa pública, do alleamento da uva, albariña e variedades brancas, da leira do Castelo de Soutomaior, propiedade da Deputación de Pontevedra, na campaña da vendima de 2024. Esta campaña estimase que a produción de uva alcanzara a cantidade duns 12.000 Kgs. aproximadamente. A adxudicación do presente contrato inclúe os traballos de vendima, de recollida da uva na leira do castelo e o seu traslado á adega que serán levados a cabo por parte da/s persoa/s adxudicataria/s. Os custos derivados destes traballos están incluídos no importe do prezo/kg da uva que se debe ofertar	
CPV:	03222340-8 Uvas	
Lotes:	<input type="checkbox"/> SI	
	<input checked="" type="checkbox"/> NON	<u>Xustificación:</u>



		A xefa do servizo de Medio Ambiente informa na providencia de inicio que a realización independente das prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, considerando este un dos motivos válidos que recolle a Lei no seu artigo 99.3 para a non división en lotes.
Admisión variantes:	de	<input type="checkbox"/> SI, estableceranse no prego. <input checked="" type="checkbox"/> NON

4. Duración

PRAZO DE EXECUCIÓN PRAZO DE DURACIÓN

Un mes, a contar dende a data de formalización do contrato. Non obstante, a recollida da uva terase que realizar dentro dos 10 días seguintes á comunicación formal do inicio por parte da Deputación.

Prórroga/s: SI NON

5. Orzamento base de licitación:

(límite máximo de gasto, incluído IVE):

A Deputación de Pontevedra fixará o prezo mínimo de venda da uva.

6. Prezo:

a. Sistema de determinación:

PREZOS UNITARIOS PREZO A TANTO ALZADO PREZOS PROVISIONAIS

b. Revisión:

SI NON

c. Pago:

TOTAL PARCIAL MEDIANTE ABONOS A CONTA NOS VENCEMENTOS ESTIPULADOS

7. Procedemento:

a. Tramitación: ANTICIPADA ORDINARIA URXENTE DE EMERXENCIA

b. Órgano competente:

PRESIDENTE*



**Competencia delegada na deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación (Resolución Presidencial núm. 2024002173, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2024002205, de 15 de marzo de 2024).*

- XUNTA DE GOBERNO (Base núm.16.2 das Bases de Execución do Orzamento 2024, de delegación das competencias da Presidencia).
- PLENO.

c. Procedemento de adxudicación:

- POXA PÚBLICA

Os xeitos de adxudicación establecidos no artigo 143 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas son a poxa pública (xeito normal) ou o alleamento directo (xeito excepcional).

En base aos dous conceptos anteriores, o antedito artigo establece que o alleamento terá lugar mediante poxa pública por bens individualizados ou por lotes. Non obstante, cando a administración considere, de xeito razoado, que se trata de bens obsoletos, perecedoiros ou deteriorados polo uso, ou concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 137.4 da Lei de Patrimonio estatal, o alleamento poderá efectuarse de xeito directo.

Prazo de presentación de ofertas: 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

d. Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:

- Lexislación básica estatal, artigos 79 a 83 da Lei 7/1982, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), os preceptos relacionados na disposición final 7ª do texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e os preceptos relacionados na disposición final 2ª da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), e a Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPCAG), nos termos establecidos na súa disposición adicional 2ª.
- Previsións non básicas contidas no TRRL, o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL), e os preceptos non básicos da LPAP.
- Supletoriamente polas restantes normas dos ordenamentos xurídicos, administrativo e civil.

8. Garantías:

Por motivos de interese público e ó obxecto de garantir que as empresas licitadoras respondan do mantemento das ofertas presentadas ata a perfección do contrato, esixiráselles para participar a constitución dunha garantía provisional nos termos establecidos no art. 106 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.



Unha vez perfeccionado o contrato, o importe da garantía provisional constituída pola empresa adjudicataria aplicarase á constitución da definitiva que quedará afectada polo cumprimento das obrigas contractuais ata a realización do pago do prezo da uva.

9. Criterios de adjudicación do contrato:

a. Pluralidade de criterios:

SI: Mellor relación calidade-prezo SI: Mellor relación custe-eficacia NON

Co obxecto de promover a axilidade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, por incluír criterios avaliábeis mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, xa sexan criterios cualitativos ou económicos.

b. Fórmula:

Establécese nos pregos.

c. Melloras: SI, estableceranse no prego. NON

10. Condicións especiais de execución:

Por mandato do artigo 70 da Directiva 2014/24, o art. 202 LCSP concede aos órganos de contratación a posibilidade de establecer, nos pregos, condicións de execución dos contratos de tipo social, ambiental e de innovación, establecendo a obriga de que en todos os pregos se inclúa polo menos unha.

Por este motivo, nas cláusulas particulares do prego estableceranse varias condicións especiais, que pretenden, entre outras cousas, preservar a linguaxe inclusiva, asegurar o pagamento ás empresas subcontratistas ou que as condicións de traballo se rexan polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente.

11. Outras indicacións:

a. Redacción dos pregos:

Deberanse redactar uns pregos, que poderán incluír cales queira pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, tendo en conta que o contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigacións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, no xeito que resulte da proposición do adjudicatario.



b. Preparación do expediente:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que vaian a rexer o contrato, o certificado da existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención. Completado o expediente, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. A devandita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, e deberá publicarse no perfil do contratante.

c. Inicio da licitación:

Publicarase un anuncio de licitación, segundo o establecido no artigo 135 LCSP, no que se indicará o prazo aprobado polo órgano de contratación para a presentación de ofertas, que será de **5 días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

d. Publicidade:

- Perfil do contratante. Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa aos seus procedementos de contratación no seu perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondeestado.es>).

Nos procedementos negociados sen publicidade publicarase a adxudicación e formalización do contrato no Perfil do contratante.

- Diario Oficial da Unión Europea.

O que se informa aos efectos oportunos.

(Documento asinado electronicamente).

